



## Poemas<sup>1</sup>

Noelia Gómez Calvo<sup>2</sup>

o foco examina a incógnita

na pantalla a mostra ocular

a doutora sinala o perigo  
no inmenso do azul esténdese

lembro paxaros

\*\*\*

como estorniños  
traspaso a cima desta obsesión que me revela

canda eles impúlsome

son unha máis na fauna  
despregando as ás  
que nacen entre a fin dos ombros  
e o principio do éxodo

este é o prefacio, a querida confianza

no seu equilibrio acouga a miña verdade

---

<sup>1</sup> Os poemas pertencen ao libro *Desenfoque*, publicado por Apiario no outono de 2024

<sup>2</sup> [https://gl.wikipedia.org/wiki/Noelia\\_Gómez](https://gl.wikipedia.org/wiki/Noelia_Gómez).

o corpo todo cuberto  
na fronte o metal suxeita as pálpebras  
impedindo o peche

alguén agarra as miñas mans e pronuncia o frío  
di que pense en algo fermoso  
imaxino a escrita

este é o inicio

as luces marcan a duración  
primeiro verde, despois amarelo  
*tes que permanecer o máis quieta posible*  
recomendan as voces do arredor  
mentres falan do tempo e as súas lentitudes

a cada minuto introducen lágrima

no centro hai ferros cravados  
sei que están aínda que non os sinto

desa maneira aprendo a engulir o corte oculto  
unidade de medida de todas as dores

\*\*\*

paso días no cuarto coas persianas baixas  
a cada minuto introduzo lágrima  
prohibido o exterior

ás agachadas o caderno

anotar no papel o que ferve  
o poema nace na sombra para coidar a exactitude do visible  
os dedos guían cada signo

a epiderme accedendo ao núcleo da ferida  
alí construír o corazón do desenfoque